

CONTEMPORARY TRANSLATION THEORIES

Edwin Gentzler, *Contemporary translation theories* (Translation Studies Series), London, Routledge, 1993.

1. O libro de E. Gentzler documenta unha insólita multiplicación das reflexións sobre o acto da tradución. ¿Por que unha explosión teórica neste momento? A causa principal haberá que buscala inicialmente na utilización da tradución como unha macrometáfora da produción cultural. Todas as teorías analizadas por Gentzler teñen como denominador común esta hipótese do acto da tradución como un privilexiado espazo para o estudo dos comportamentos sociais. A mesma carga polisémica do termo (tradución e interpretación, representación, comunicación, transferencia de coñecemento, compensación de información, terxiversación, imposición de información) documenta a complexidade das connotacións.

Sen dúbida os estudos da tradución beneficiáronse enormemente dun novo clima propiciado por unha serie de factores: unha ininterrompida reflexión sobre os fenómenos lingüísticos, o descrédito de determinadas xerarquizacións culturais que impedían ou dificultaban o diálogo intercultural e a conseguinte reivindicación dunha imaxe dialóxica da produción cultural, a identificación dunha serie de dimensións da vida social como forzas determinantes na produción cultural, a ruptura con determinados presupostos delimitadores do acto da tradución (exemplificada nos traballos de I. Even-Zohar, J. Lambert e A. Lefevere), o impulso das experiencias teóricas procedentes de voces minoritarias e subalternas, a reivindicación das especificidades culturais como principio paradigmático e a reflexión sobre a problematicidade ideolóxica do acto da representación discursiva.

2. Gentzler selecciona catro grandes correntes e dentro de cada unha delas sinala tendencias e documenta as súas correspondentes evolucións internas; ó mesmo tempo, descubre os presupostos implícitos (os ideolóxicos e os epistémicos) e as tradicións teóricas que lles serven de fundamento. No segundo capítulo, dedicado a estudar "The American Translation Workshop", o autor expón a crónica da cambiante situación dos estudos sobre a tradución nos Estados Unidos, un espazo sociocultural pouco propicio a

VICERESA 1 (1995) 185-191

185

este tipo de actividades ata décadas recentes¹. Esta actitude explicará a case inexistente tradición teórica nos estudos sobre a tradución neste país e a súa deficiente institucionalización. Como subliña o autor, "scholars associated with the American translation workshop premise tend to claim that their approach is not theoretically preconditioned" (11); en realidade, este aparente anti-teoricismo non poderá oculta-la existencia de presupostos e precursores (I. A. Richards e o seu *Practical Criticism* (1929), e sobre todo as experiencias de Ezra Pound coa súa concepción da *logopoeia* do texto exposta nun dos traballos de *Polite Essays* [1937]). Será Frederic Will quen intentará establecer as bases teóricas da escola estadounidense; o resultado, sen embargo, foi máis un corpus de novas cuestións arredor do acto da tradución que un ben articulado paradigma. Gentzler ve neste inxenuismo a explicación das súas múltiples deficiencias pero ao mesmo tempo reconece as vantaxes desta actitude anti- ou pre-paradigmática nun momento no que o mundo da tradución esixe radicais transformacións:

While opening up new perspectives, the general approach as practiced in American translation workshops might best be characterized by a theoretical *naïveté* and subjective methodologies that tend to reinforce whatever theoretical values individual translators hold (43).

O segundo paradigma analizado é o que o autor denomina "The 'science' of translation". A mediados dos 60 obsérvase unha preocupación por racionaliza-lo comportamento do traductor. Eugene Nida co seu *Towards a Science of Translating* (1964) lidera esta nova actitude. Cunha visión chomskiana do comportamento lingüístico, e adoptando como ámbito das súas investigacións as traducións bíblicas, o paradigma de E. Nida adquirirá unha especial influencia en Alemaña e nos Estados Unidos, á que non sería alieo un subtexto teolóxico: a existencia dunha mensaxe orixinal eterna que precede á mesma linguaxe, o traductor como visionario e transmisor privilexiado da mensaxe orixinal e o lector como receptor pasivo, guiado pola inspirada man do traductor. O resultado sería unha contradictoria proposta: "This methodology may be very useful for those translating propaganda or advertising, and it seems to work well with certain kinds of religion, but its limitations within the framework of a science of translating are obvious" (60). Esta fórmula tería o seu impacto en Alemaña, concretamente nos traballos de Wolfram Wilss, que configura unha teoría da tradución a partir dunha serie de principios: a existencia duns universais da linguaxe, unha

estructura profunda accesible mediante a hermenéutica, un componente creativo que permite a transferencia de información entre a estrutura profunda e a superficial e unha xerarquización de discursos (tendo en conta o súa complexidade). Paradoxalmente, apunta Gentzler:

by investing heavily in the notion of deep structure, they [Nida e Wilss] tend to trivialize their own products, the works in translation, and the contributions that acts of translation may make to the development and evolution of the original text (67).

Así, estes intentos de racionaliza-lo acto da tradución dependen en gran medida dunha serie de presupostos relixiosos (a tradición hermenéutica protestante), lingüísticos (os universais chomskianos da linguaxe) e filosóficos (o Idealismo alemán, fundamentalmente); e rematan converténdose en concepcións transcendentais da tradución. Como resposta ós cuestionables presupostos dun paradigma científico no camiño de Nida ou Wilss e á inxenuidade teórica dos tradutores literarios, aparecen en ámbitos universitarios europeos, concretamente nos Países Baixos, unha serie de propostas radicalmente innovadoras baixo a xenerica denominación de *Translation Studies*. O carácter minoritario das respectivas culturas e a súa inevitable vocación dialóxica eran aspectos centrais nesta nova reflexión sobre o acto da tradución. *Translation Studies* iniciaba a súa andadura rexeitando a tentación dunha xeralización paralizante; o obxectivo agora era estudia-lo movemento da produción signica e utilizar como base de operacións unha actitude interdisciplinar capaz de supera-la imposición de clasificacións inoperantes. A nova proposta interrogaba o acto da tradución dende perspectivas radicalmente distintas: redefínase o obxecto mesmo da investigación e cuestionábase a distinción xerárquica entre escritor orixinal e traductor. Gentzler acerta a resumilas consecuencias deste novo paradigma:

With the new questions and shift in focus, the intervention by the Flemish and Dutch scholars raises multiple problems for literary theory, the cultural interdependence of literary systems, and the intertextual nature not just of translation, but of all texts. The activity of translation may be marginal, but the theoretical problems raised by the practitioners are crucial to any integrated literary theory (77).

Este marco orixinario sufriría progresivas transformacións da man de innovadores teóricos (James Holmes, R. van den Broeck, André Lefevere e José Lambert) e recibiría o impulso do paradigma polisistémico da escola de Tel Aviv (I. Even-Zohar e Gideon Toury serían os seus membros máis destacados). Susan Bassnett contribuiría tamén a esta nova proposta dende posicións afíns ó feminismo británico. O cuarto modelo analizado por Gentzler é o representado polo deconstrucionismo. En realidade semella unha contradic-

1. A incorporación ó mundo académico estadounidense de teóricos como André Lefevere na década pasada axudaron sen dúbida a supera-la condición ancilar dos estudos sobre a tradución. En 1992 a *Modern Language Association of America* publicaba un interesante manual deste mesmo autor titulado *Translating Literature: Practice and Theory in a Comparative Literature Context*.

ción falar dun paradigma deconstrucionista. A vocación centrífuga dos seus máis destacados teóricos (J. Derrida sobre todo) e a consciente actitude negativa de aceptar un mínimo nivel de estabilidade da produción signífica impide unha lectura articulada das súas múltiples e aventuradas propostas. É sen embargo, precisamente por esta asumida indefinición e pola privilexiada posición da linguaxe como ámbito de investigación, a tradución convértese para o deconstrucionismo na síntese metafísica do comportamento cultural. Con precedentes na obra de Heidegger, Benjamin e Foucault, o deconstrucionismo formula unha verdadeira ruptura epistémica con respecto a determinados presupostos: ¿por que non considera-la hipótese de que o denominado texto orixinal depende das súas traducións para existir como tal? ¿e se determinados significados dun texto fosen visibles só nas súas traducións? ¿por que non rexeita-lo presuposto dunha identidade e estabilidade sémica orixinal e reivindica-la intervención do exercicio da tradución como un proceso multiplicador de significados? Se algún principio é aceptado polo deconstrucionismo é o de "a continuous chain of signification comprised of languages in a constant state of interplay, mutually supplementing each other" (167).

Consecuentemente, o acto da tradución non se limita a un diálogo interlingüístico; existe tamén dentro de cada lingua. O proxecto deconstrucionista abre así múltiples e innovadoras portas ós estudos sobre a tradución, sobre todo unha vocación iconoclasta e antixerárquica que tería un eco moi saudable nas voces tradutoras nadas dunha experiencia marxinal (o mundo da muller, culturas subalternas, minorías, etc.).

3. Na súa análise dos catro paradigmas analizados o autor destaca sempre a súa lóxica interna, os precedentes teóricos, os presupostos ideolóxicos (os *non-dit*), o contexto sociocultural da súa xénese, as súas deficiencias, os paralelismos cos demais paradigmas e a súa vocación interdisciplinar (con respecto ás outras propostas sobre a tradución e ós modelos das ciencias limítrofes: crítica literaria, filosofía, lingüística, etc.). Aínda que o estudo se limita á análise da tradución literaria, Gentzler salienta como positivo nos modelos teóricos estudados a vocación de ruptura de imposicións discursivas (literario/nonliterario, por exemplo) e documenta dous procesos paralelos na súa configuración paradigmática: a incorporación de modelos epistémicos procedentes doutros ámbitos de investigación (a lingüística de Chomsky, o formalismo ruso de Tyranov, a filosofía de Heidegger, etc.) e a extrapolación dos achados no ámbito da tradución a outros ámbitos de investigación (teoría da comunicación, historiografía literaria, teoría da literatura, lingüística, etc.).

4. Perfilar un ámbito de investigación, o acto da tradución, que se está reformulando dende múltiples perspectivas teóricas é un dos obxectivos do libro. O problema reside no limitado inventario do autor. Quedan fóra varias propostas relevantes dentro do mundo da tradución coas que Gentzler nin sequera intenta o diálogo. No limiar anuncia:

188

I attempt in this book to focus not just on various translation theories, but also on the 'political realities' that surround the practice of literary translation [...]. One of the goals of the book is to raise questions concerning the way literary translations are studied in the West and to help readers rethink conceptually how translations are defined and categorized. (xii)

Esta observación preliminar permite identificar algúns dos criterios utilizados polo autor para selecciona-las teorías analizadas: atende a aquelas que amosan unha explícita articulación da dimensión sociopolítica e ideolóxica na análise do acto da tradución. E no primeiro capítulo engade: "I hope to demonstrate that even translation 'proper' entails multiple linguistic, literary and cultural aspects" (1). As teorías analizadas presentan esta mesma preocupación multidimensional; de aí as constantes propostas dunha lectura interdisciplinar da tradución literaria.

Un dos méritos de Gentzler consiste en identificar un grupo de paradigmas que rompen cos presupostos 'obxectivistas' e 'substancialistas' das teorías que silencian as condicións socioculturais nas que se produce o acto da tradución. Apunta, por exemplo, ás razóns do fértil desenvolvemento dos estudos sobre a tradución nos Países Baixos, no Québec canadiano e en Israel. Con esta observación (75-76) o autor pon de manifesto a importancia de determinadas experiencias colectivas na configuración paradigmática das teorías sobre tradución.

5. As teorías analizadas comparten unha mesma preocupación: a utilización do acto da tradución como un ámbito privilexiado para estudia-lo diálogo intercultural e para romper con determinadas xerarquizacións simbólicas. Por iso en todas elas se detecta o selo dun modelo comunicativo da produción e reprodución sociais. A superación dunha reductora visión formalista do comportamento lingüístico é outro dos criterios utilizados polo autor na selección das teorías estudadas. Con esta delimitación, sen embargo, silenciou propostas próximas á sociolingüística, ás teorías do discurso e á pragmática. A análise de Gentzler concéntrase no estudo dos paradigmas que reflexionan sobre os presupostos do acto da tradución; e implicitamente distánciase das propostas que responden a problemas específicos das técnicas da tradución.

A vocación interdisciplinar, presente na maioría dos paradigmas analizados, explícase polo cambio radical que se produciu recentemente na concepción do acto da tradución (as propostas polisistémicas de Even-Zohar poden servir como exemplo desta ruptura con respecto a posicións anteriores), que é visto agora como un aspecto fundamental no estudo da produción cultural, e que como proceso institucional reúne tódalas condicións para converterse nun ámbito privilexiado de investigación nas diversas disciplinas das ciencias sociais (lingüística, filosofía, antropoloxía, crítica literaria, historia, etc.).

189

6. O libro está estruturado a varias bandas. O autor inicia o recorrido de cada unha das teorías como se fosen historias paralelas. E busca nelas un mesmo final: quere identifica-las tendencias unitarias que xustifiquen ou posibiliten un diálogo interparadigmático. A década dos 90 faría posible ese encontro, como testemuñan algunhas das tendencias analizadas polo autor na última sección do libro. Gentzler forza os diversos paradigmas a dialogar entre eles. É deste diálogo do que consegue reflexións comparatistas interesantes. Unha das razóns que posibilitan este intercambio é a identificación nos paradigmas seleccionados dunha mesma intencionalidade: a reflexión sobre os presupostos cos que operan tódalas teorías da tradución.

A exclusión dunha rama importante das teorías sobre a tradución permite le-la exposición das diversas teorías no libro de Gentzler como un macroparadigma que se vai configurando na lectura conxunta dos diversos modelos. A pesar das diferencias, o autor busca un marco de interpretación capaz de asumir nun todo as propostas dos paradigmas explicados. Gentzler propón unha dobre lectura: en primeiro lugar, unha lectura específica de cada un dos paradigmas, dos que se indica non só as súas propostas (mediatizadas por unha terminoloxía propia: "the terms themselves reveal assumptions about the hierarchical nature of culture", (3)), senón tamén os seus presupostos delimitadores (2-3); en segundo lugar, unha macrolectura dos diversos paradigmas apoiada nun diálogo activo: "one of the purposes of this study is to show how such problems in communication and exchange among the paradigms are grounded in the differing theoretical assumptions of each approach" (2-3).

Para lexítimar e reforzar esta lectura interparadigmática o autor vai identificando nas súas análises específicas algunhas das características compartidas polos modelos estudados: unha vocación interdisciplinar, unha preocupación por responder ós desafíos da dimensión sociocultural do acto da tradución, unha asimilación consciente das condicións nas que se desenvolve a configuración mesma dos paradigmas, a concepción interdisciplinar dos fenómenos lingüísticos, a representación do acto da tradución como un proceso fundamentalmente de comunicación intercultural máis que interlingüística, e, finalmente, a necesidade de estudia-lo acto da tradución como un proceso de re-escritura (é dicir, de manipulación ideolóxica, repetición, innovación e reprodución cultural).

Gentzler é cauto á hora de propoñer un paradigma ideal para os estudos sobre a tradución. Quizais non exista, ou non deberíamos caer nesa tentación, parece dici-lo autor nos parágrafos finais. Polo contrario, parécelle máis útil insistir na necesidade dun modelo interdisciplinar e polifónico como única vía para articular conceptual e operativamente un proceso tan complexo como o acto da tradución. Dunha lectura detida do libro dedúcese que unha teoría da tradución debe responder a unha serie de desafíos: o recoñecemento da dimensión institucional da produción e reprodución cul-

190

turais, a identificación de tódalas dimensións socioculturais que interveñen no acto da tradución, a capacidade de poder articular unha conceptualización aberta dos fenómenos lingüísticos, as esixencias dun paradigma interdisciplinar, a superación dunha serie de xerarquías herdadas de determinadas tradicións críticas "substancialistas", a necesidade de forzar un diálogo entre paradigmas alieos e a necesidade de responder ás esixencias dunha nova lectura do acto da tradución.

7. Gentzler busca nas teorías analizadas novas posibilidades de investigación. A preocupación interdisciplinar e a inclinación por unha visión múltiple do acto da tradución permíttelle aventurar propostas de cara ó futuro dos estudos da tradución que poidan evitar erros pasados. Quizais a proposta máis definida de Gentzler sexa o seu escepticismo con respecto á canonización dun determinado paradigma e a reivindicación dunha teoría flexible, interdisciplinar e interparadigmática.

Que vai ser dos estudos sobre a tradución nun inmediato futuro é difícil de prognosticar. O que si é incuestionable é a rica proliferación de arriscadas propostas teóricas nun ámbito de investigación que se caracterizou ata hai pouco por un alto grao de inxenitude reflexiva, rexida pola experiencia individual de cada tradutor. Tódolos paradigmas analizados por Gentzler demostran que como protocolo de investigación este comportamento é moi cuestionable, e que o futuro dos estudos sobre a tradución debe pasar necesariamente polo diálogo dunha multiplicidade de perspectivas alimentadas por unha vocación interdisciplinar. As tradicións nacionais (a dos Países Baixos, a escola de Tel Aviv ou a experiencia bilingüe do Québec) van deixar paso a un diálogo moito máis fluído e menos rixido, pero tamén moito máis difícil de articular paradigmaticamente. Velaí o gran desafío.

Xoán González-Millán
Hunter College and Graduate Center-CUNY

191